

## CONTRATO DE EDICIÓN

En A Coruña, a ... de ..... de 20...

### REUNIDOS

Dunha parte, D.<sup>a</sup> ....., vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria da Universidade da Coruña, que actúa en nome e representación desta institución, con CIF n.º Q6550005J, segundo a delegación conferida para o efecto por resolución reitoral de 12 de xaneiro de 2016, identificada no sucesivo como o EDITOR.

E doutra parte, D. ...., DNI n.º ....., identificado no sucesivo como o AUTOR.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade legal para estableceren o seguinte contrato de edición que se rexerá polas seguintes cláusulas:

#### PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO

1.º O AUTOR, que declara ser o titular de todos os dereitos de explotación necesarios para suscribir o presente contrato, cede ao EDITOR, mediante unha compensación económica, o dereito de reproducir e distribuír a obra titulada ....., cuxa orixinalidade garante, nas condicións pactadas e de acordo co disposto polo Real Decreto Legislativo 1/1996, de 12 de Abril, relativo á propiedade intelectual.

2.º A presente cesión de dereitos ten carácter de exclusiva e confire lexitimación ao EDITOR para perseguir as violacións que afectaren ás facultades conferidas polo presente contrato.

3.º A cesión refírese a todos os soportes e medios citados a continuación: papel, CDROM, DVD, intranet da Universidade da Coruña e internet.

4.º En virtude da presente cesión, o EDITOR queda facultado para autorizar baixo licenza, a través da entidade de xestión Centro Español de Derechos Reprográficos (CEDRO), a reprodución total ou parcial da obra por medio de reprografía ou medio análogo, así como o préstamo público da obra en institucións bibliotecarias.

5.º O ámbito deste contrato e, por conseguinte, da eficacia de cesión, abrangue todo o mundo e respecto de todas as linguas, esténdese ata os quince anos da súa distribución.

6.º Durante o periodo de vixencia do contrato, o EDITOR poderá facer todas as edicións que considere oportunas da obra, sen outro requisito que a comunicación ao AUTOR. En caso de que fose necesario proceder a unha reimpresión dentro dos doce meses seguintes á data da primeira edición da obra, o AUTOR comprométese a non introducir ningunha modificación nesta.

7.º De acordo co artigo 141 do Real Decreto Legislativo 1/96, e independentemente dos dereitos que asistisen ao AUTOR, o EDITOR, como cesionario en exclusiva dos dereitos de explotación, poderá antepor ao seu nome o símbolo © en todos e cada un dos exemplares da obra obxecto do presente contrato, con precisión do lugar e do ano de publicación.

## SEGUNDA. OBRIGAS DO AUTOR

1.º O AUTOR comprométese a proporcionar ao EDITOR o orixinal da obra, en condicións de ser reproducida, no prazo dun mes que conta desde a sinatura deste contrato, así como, de ser o caso, un duplicado fiel e completo do orixinal da obra, se este resultase destruído, substraído ou extraviado antes da súa edición.

2.º Así mesmo, responsabilízase da coidada corrección e revisión das probas de imprenta da primeira e de posteriores edicións nun prazo dilixente que non dificulte, encareza ou atrase indebidamente a publicación.

## TERCEIRA. OBRIGAS DO EDITOR

1.º O EDITOR comprométese, agás caso de forza maior, a publicar a primeira edición da obra nun prazo máximo de dous anos contados a partir da entrega do orixinal en condicións de ser reproducido, tras serlle notificado o acordo de edición pola vicerreitoría.

2.º Así mesmo O EDITOR comprométese a que o nome do AUTOR figure na cuberta e en cada un dos exemplares da obra, segundo o modelo da colección en que se integre.

## CUARTA. REMUNERACIÓN DO AUTOR

Ambas as partes conveñen que a remuneración correspondente ao AUTOR se fixe a tanto alzado, de conformidade co previsto no artigo 46.2 a) do Real Decreto Lexislativo 1/1996, de 12 de Abril, de propiedade intelectual.

En consecuencia, fixan como remuneración única polos dereitos de autor cedidos en virtude do presente contrato a cantidade de ..... euros, equivalente ao 10% do custo de produción da primeira edición, que as partes acordan que se faga efectiva en especie mediante a entrega do 10% dos exemplares da tiraxe.

## QUINTA. CARACTERÍSTICAS DA TIRAXE

1.º A determinación da tiraxe da primeira e sucesivas edicións ou reimpresións corresponderá ao editor.

2.º As edicións e reimpresións faranse en lingua .....

3.º Con independencia do que establece o parágrafo anterior, O EDITOR, após acordo co AUTOR, poderá facer cantas xestións estime oportunas para a tradución da obra a outros idiomas distintos; neste caso quedarán sometidas tales edicións ao disposto na cláusula primeira, punto primeiro, por se considerar que o editor ten adquiridos os dereitos sobre a obra, e aplicaranse as condicións previstas no presente contrato.

## SEXTA. RÉXIME XURÍDICO DA DISTRIBUCIÓN

1.º A determinación do prezo de venda da obra e a súa presentación e promoción comercial corresponderán ao EDITOR.

2.º Os AUTORES declaran coñecer e aceptar a forma habitual de distribución do EDITOR no relativo á difusión da obra e á súa explotación comercial.

**SÉTIMA. OUTROS COMPROMISOS**

1.º O EDITOR resérvase 25 exemplares para os fondos bibliográficos dos seus departamentos e bibliotecas, así como para fins promocionais.

**OCTAVA. LIMITACIÓNS DERIVADAS DA CESIÓN**

1.º Durante a vixencia deste contrato, o AUTOR non poderá publicar directamente nin por medio de terceiro ningunha adaptación, refundición ou versión abreviada ou ampliada da obra, nin co seu mesmo título nin con outro diferente, sen autorización expresa do EDITOR.

**NOVENA. RESPONSABILIDADE DO AUTOR**

1.º O AUTOR responderá solidariamente dos danos e prexuízos que puidesen ocasionarse a terceiros ou ao propio EDITOR como consecuencia da propiedade e do contido da obra.

**DÉCIMA. SOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS**

1.º Para a resolución de calquera discrepancia xurdida do presente contrato ambas as partes poderán acudir ao procedemento arbitral regulado na lexislación vixente, ou someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais da cidade de A Coruña.

E para que así conste e en proba de conformidade, ambas as dúas partes asinan por duplicado o exemplar do presente contrato no lugar e data expresados no seu encabezamento.

O EDITOR

O AUTOR

D.<sup>a</sup> .....

D. ....